

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301C).

BDNS (Identif.): 740834.

Deconformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS): <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes, segundo cifras de poboación acordes co establecido no Real decreto 1037/2022, do 20 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2022.

Non poderán ser beneficiarios os concellos que xa o fosen ao abeiro da convocatoria do ano 2022, convocada pola Resolución do 23 de xuño de 2022, salvo que, unha vez notificada a resolución de concesión, renunciase a subvención no prazo establecido no artigo 19 das bases da convocatoria

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, para a realización de auditorías municipais de abastecemento para minimizar as perdas de auga, e convocar estas subvencións para o ano 2024 (código de procedemento AU301C).

CVE-DOG: idxkg0m9-v365-wlb9-uby2-callylhqbp6



Terceiro. Bases reguladoras

Publícase conxuntamente este extracto coa Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301C).

Cuarto. Importe

As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por importe de douscentos mil euros (200.000 €).

O importe das subvencións será do 80 % do gasto subvencionable, ata esgotar o crédito e cos límites máximos por solicitude que se indican a seguir:

- a) Dez mil euros (10.000,00 €) en concellos de entre 10.001 e 50.000 habitantes.
- b) Oito mil euros (8.000,00 €) en concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes.
- c) Sete mil cincocentos euros (7.500,00 €) en concellos de entre 2.001 e 5.000 habitantes.
- d) Seis mil euros (6.000 €) en concellos de 2.000 habitantes ou menos.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2023

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Presidenta de Augas de Galicia

